



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE COMUNICA A REALIZACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE ENTRE ASPIRANTES DENTRO DO PROCESO SELECTIVO PARA O OUTORGAMENTO DA MODALIDADE DE ANEMONE AO ABEIRO DO PLAN DE EXPLOTACIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO DENDE EMBARCACIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILANOVA DE AROUSA APROBADO PARA OS ANOS 2020 E 2021.

Primeiro. O 26 de febreiro de 2021 a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo convocou o proceso selectivo para outorgar a modalidade de anemone, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa.

Segundo. Mediante resolución do 13 de abril de 2021 da xefa territorial da Consellería do Mar en Vigo publicouse a lista provisional de aspirantes admitidos no proceso selectivo, coa puntuación provisional, non habendo solicitudes excluídas, e abriuse un prazo de 15 días hábiles para a presentación de alegacións

Terceiro. Presentáronse un total de 2 escritos de alegacións que foron desestimados.

Cuarto. Revisadas as puntuacións acadadas polos participantes no proceso, compróbase que na lista de admitidos existen empates que deberán ser ordenados mediante sorteo antes da selección definitiva.

Quinto. O sorteo desenvolverase da seguinte maneira:

As 2 embarcacións participantes empatadas con 4,50 puntos numéranse por orde alfabética. Meteranse os números nun bombo ou bolsa e sacaranse un a un de forma aleatoria. Cada número que saia colocarse sobre unha táboa e anotarase a orde acadada ao lado de cada participante do listado.

Lista de empatados

N.º ORDE	NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	PUNTOS
1	OJO	3ªVILL3-8046	4,50
2	PATRI	3ªVILL2-4697	4,50

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, esta comunicación de sorteo realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraría.





Á vista do exposto comunícase que esta xefatura territorial celebrará un sorteo público para dirimir o empate xurdido cos seguintes datos:

Data: 19 de maio de 2021

Hora: 10:00 h

Lugar: Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, Rúa Concepción Arenal, nº 8 – 4º andar – SALA C.

A asistencia ao sorteo é voluntaria. No caso de querer asistir deberan solicitar cita previa no correo electrónico recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal indicando nome, apelidos e DNI.

